# ANUNCIO CALVOS RANDIN BRIG FORESTAIS



## IV. ENTIDADES LOCAIS

## *IV. ENTIDADES LOCALES*

### Calvos de Randín

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral de brigada de extinción de incendios forestais, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía con data 28.05.2018:

1º.- Número e denominación das prazas: dúas de capataz, dúas de peóns condutor e seis de peóns.

2º.- Modalidade de contratación: contrato laboral a xornada completa.

3º.- Duración do contrato: tres meses.

4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5º.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP, se o último día cae en sábado ou domingo, pasará o luns seguinte, no Rexistro do Concello de Calvos de Randín, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

No caso de presentar a instancia noutro organismo oficial, remitirá a o correo deste concello:

(concello.calvosderandin@eidolocal.es)

copia desta o mesmo día da súa presentación, debidamente selada polo organismo oficial.

6º.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello.

Calvos de Randín, 28 de maio de 2018.

O alcalde. Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.

---

*Anuncio*

*Convocatoria para la contratación laboral de brigada de extinción de incendios forestales, según las bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía con fecha 28.05.2018:*

*1º.- Número y denominación de las plazas: dos de capataz, dos de peones conductores/as y seis de peones.*

*2º.- Modalidad de la contratación: contrato laboral a jornada completa.*

*3º.- Duración del contrato: tres meses.*

*4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.*

*5º.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, si el último día cae en sábado o domingo, pasará al lunes siguiente, en el Registro del Ayuntamiento de Calvos de Randín, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.*

*En el caso de presentar la instancia en otro organismo oficial, remitirá al correo electrónico de este ayuntamiento:*

*(concello.calvosderandin@eidolocal.es)*

*copia de la misma el mismo día de su presentación, debidamente sellada por el organismo oficial.*

*6º.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento.*

*Calvos de Randín, 28 de mayo de 2018. El alcalde.*

*Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.*

*R. 1.746*

### Calvos de Randín

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral de condutor/a de motobomba, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía, con data 28.05.2018:

1º.- Número e denominación das prazas: cinco de condutor@ de motobomba.

2º.- Modalidade de contratación: contrato laboral a xornada completa.

3º.- Duración do contrato: tres meses ou dous meses e medio.

4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5º.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP, se o último día cae en sábado ou domingo, pasará ao luns seguinte, no Rexistro do Concello de Calvos de Randín, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

No caso de presentar a instancia noutro organismo oficial, remitirá a o correo deste concello (concello.calvosderandin@eidolocal.es) copia da mesma o mesmo día da súa presentación, debidamente selada polo organismo oficial.

6º.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicadas no taboleiro de anuncios do concello.

Calvos de Randín, 28 de maio de 2018. O alcalde.

Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.

---

*Anuncio*

*Convocatoria para la contratación laboral de conductor/a de motobomba, según las bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía con fecha 28.05.2018:*

*1º.- Número y denominación de las plazas: cinco de conductor/a de motobomba.*

*2º.- Modalidad de la contratación: contrato laboral la jornada completa.*

*3º.- Duración del contrato: tres meses o dos meses y medio.*

*4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.*

*5º.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, si el último día cae en sábado o domingo, pasará al lunes siguiente, en el Registro del Ayuntamiento de Calvos de Randín, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.*

*En el caso de presentar la instancia en otro organismo oficial, remitirá al correo electrónico de este ayuntamiento (concello.calvosderandin@eidolocal.es) copia de la misma el mismo día de su presentación, debidamente sellada por el organismo oficial.*

*6º.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección están publicadas en el tablero de anuncios del ayuntamiento.*

*Calvos de Randín, 28 de mayo de 2018. El alcalde.*

*Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.*

*R. 1.747*

### Calvos de Randín

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral de encargado/a de obras, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía con data 28.05.2018:

1º.- Número e denominación das prazas: unha de encargado/a de obras.

ANUNCIO CALVOS RANDIN BRIG FORESTAIS



2º.- Modalidade de contratación: contrato laboral a xornada completa.

3º.- Duración do contrato: seis meses.

4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5º.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP, se o último día cae en sábado ou domingo, pasará ao luns seguinte, no Rexistro do Concello de Calvos de Randín, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

No caso de presentar a instancia noutro organismo oficial, remitirá ao correo deste concello (concello.calvosderandin@eidolocal.es) copia desta o mesmo día da súa presentación, debidamente selada polo organismo oficial.

6º.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello.

Calvos de Randín, 28 de maio de 2018. O alcalde.

Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.

*Anuncio*

*Convocatoria para la contratación laboral de encargado/a de obras, según las bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía con fecha 28.05.2018:*

*1º.- Número y denominación de las plazas: una de encargado/a de obras.*

*2º.- Modalidad de la contratación: contrato laboral a jornada completa.*

*3º.- Duración del contrato: seis meses.*

*4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.*

*5º.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, si el último día cae en sábado o domingo, pasará al lunes siguiente, en el Registro del Ayuntamiento de Calvos de Randín, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.*

*En el caso de presentar la instancia en otro organismo oficial, remitirá al correo electrónico de este ayuntamiento (concello.calvosderandin@eidolocal.es) copia de esta el mismo día de su presentación, debidamente sellada por el organismo oficial.*

*6º.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento.*

*Calvos de Randín, 28 de mayo de 2018. El alcalde.*

*Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.*

*R. 1.749*

## Verea

Edicto

Ao non presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza reguladora sobre transparencia e acceso á información pública, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Modelo de Ordenanza sobre transparencia e acceso á información pública

Exposición de motivos

A entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ten, conforme ao seu propio preámbulo, un tripe alcance: incrementa e reforza a transparencia na actividade pública, recoñece e garante o acceso á información e establece as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento. A mesma previsión despréndese da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo iso, o concello, dentro da liña marcada pola nova normativa, mediante esta ordenanza, ditada ao abeiro das facultades outorgadas ás entidades locais pola Constitución española e a súa normativa de desenvolvemento, pretende establecer obrigacións de publicidade activa que deben vincular aos distintos entes e suxeitos que compoñen este concello e que proporcionarán unha maior seguridade xurídica, así como regular o relativo ao acceso á información ou publicidade pasiva, en relación coa información que calquera cidadán poida solicitar e o seu dereito a recibir unha resposta.

A ordenanza tamén regula o dereito de acceso á información pública, previsto no artigo 105.b) da Constitución española en concordancia coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e desenvolvido no capítulo terceiro do título primeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A ordenanza estrutúrase en tres títulos divididos en capítulos e seccións, contendo, ademais, unha disposición final.

O título I, relativo ás disposicións xerais, establece o obxecto da ordenanza, o seu ámbito de aplicación, os principios que rexen na materia, as competencias dos órganos municipais, así como a exención de responsabilidade do concello en relación co uso que calquera persoa ou entidade realice en relación coa información que aquel publique ou poña a disposición de terceiros.

O título II, que desenvolve o relativo á información pública, comeza por ofrecer un concepto desta e os límites que á mesma existen. A continuación, contén un capítulo dedicado á publicidade activa, que debe ser a prioridade do concello, e detalla que tipo de información municipal debe ser obxecto de publicación. Ademais, no seu capítulo terceiro, regula o referente ao dereito de acceso á información ou publicidade pasiva, detallando na súa sección segunda o procedemento para o exercicio do dereito. A continuación, dedica este título II o seu capítulo IV á reutilización da información publicada ou posta a disposición polo concello, sinalando que, con carácter xeral, esta farase sen previa autorización. Finalmente, o capítulo V contén un único artigo dedicado ao réxime de impugnacións.

O último título desta ordenanza, o terceiro, está dedicado ao réxime sancionador, tipificándose as infraccións e establecéndose o catálogo de sancións correspondentes a devanditas infraccións, así como o relativo á prescrición das mesmas.

En último lugar, a disposición final única, dispón a entrada en vigor desta ordenanza.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta ordenanza ten por obxecto garantir, neste concello, a transparencia da actividade pública e o acceso á información pública, o dereito á súa reutilización, así como establecer as consecuencias derivadas do seu incumprimento, en concordancia co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.